

Resolución da Secretaría Xeral pola que se autoriza o uso do selo de órgano para a sinatura de comunicacións relativas á convocatoria de bolsas na aplicación "Xescampus"

Por resolución da Secretaría Xeral do 12 de xullo de 2017 autorizouse o uso do selo de órgano en determinados procedementos automatizados da Universidade de Santiago de Compostela.

Visto escrito da xefa do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado no que solicita a sinatura mediante selo de órgano de comunicacións relativas ás convocatorias de bolsas e de prezos públicos.

Visto que esta solicitude foi informada favorablemente pola Comisión Técnica de Administración Electrónica na súa reunión do 6 de maio de 2021.

Tendo en conta que o artigo 31 do Regulamento de Administración Electrónica da USC indica que Por resolución da Secretaría Xeral autorizarase a utilización de selos de órgano en determinados procedementos automatizados da USC.

Por isto, resolvo:

1.-

Autorizar o uso do selo de órgano nas seguintes comunicacións xeradas na aplicación informática "Xescampus":

- a. Comunicación ás persoas titulares dunha subvención de prezos públicos para aceptar ou rexeitar a solicitude.
- b. Comunicación ao estudantado solicitante da bolsa xeral do Ministerio ao que lle falta documentación.

2.-

Publicar como anexo a esta resolución a relación actualizada de procedementos para os que se autoriza o uso do selo de órgano.

A Secertaria Xeral

Dulce María García Mella



Anexo

Relación actualizada de procedementos para os que se autoriza o uso do selo de órgano

Aplicación	Procedemento
Enquisas de avaliación docente	Certificado de avaliación do profesorado
Enquisas de avaliación docente	Resolución da solicitude de anulación da avaliación nunha materia
Moodle	Informe de uso
OIT Virtual	Certificado de pertenza a programas de RRHH
OIT Virtual	Certificado de composición actual de grupo de investigación
OIT Virtual	Certificado de composición mínima de grupo de investigación
OIT Virtual	Certificado de pertenza a grupo de investigación
OIT Virtual	Certificado de beneficiario de axudas propias da USC
OIT Virtual	Certificado de investigadores emerxentes
OIT Virtual	Certificado de consolidación de grupos de referencia competitiva
OIT Virtual	Certificado de consolidación de grupos con potencial crecemento
OIT Virtual	Certificado de convocatoria de redes de investigación
OIT Virtual	Certificado de participación en actividades de I+D
OIT Virtual	Certificado de historial de grupo de investigación
OIT Virtual	Certificado de historial de grupo de investigación (formato corto)
Xescampus	Certificado de acreditación de probas de nivel de idiomas segundo o MECR
Xescampus	Certificado de acreditación de cursos de idiomas segundo o MECR
Xescampus	Certificado de titorización/cotitorización de TFG /TFM
Xescampus	Certificado de docencia
Xescampus	Certificado de participación en tribunais de TFG/TFM
Xescampus	Certificado académico
Xescampus	Certificado tipo BIR, EIR, FIR, MIR, PIR, QUIR
Xescampus	Certificado de título



Xescampus	Comunicación de subvencións de prezos públicos
Xescampus	Comunicación de falta de documentación (convocatoria de bolsas xerais do Ministerio)
Sede Electrónica	Comprobante de publicación no Taboleiro
Sede Electrónica	Xustificante de rexistro de saída
Sede Electrónica	Xustificante de rexistro de entrada
Sede Electrónica	Xustificante de posta a disposición de notificación
Sede Electrónica	Xustificante de lectura dunha notificación
Xestor de formularios	Xustificante de solicitude presentada
Xestión Económica	Autorizacións electrónicas por parte dos directores decentros de gasto
Xestión Económica	Emisión de facturas da USC en eSicus

